La Voz de Galicia MARTES 29 XANEIRO 2019 • ANO VI - Nº 181 • Correo - liderlugo@lavoz.es

# 1 Líder BASKET



88 ESTUDIANTES
48 CB PONTUMIO

# INSACIABLES

**O Estudiantes da Liga Galega minibasket é o único equipo lucense dunha Primeira División que suma por vitorias todos os encontros disputados esta tempada.** O conxunto que dirixe Fernán Varela rematou a primeira fase invicto e chega á segunda como principal rival a bater

2ª DIVISIÓN CADETE FEMININA

## Ría de Ribadeo e Estudiantes Rojo, campións

Ambos equipos clasifícanse para o Provincial tras acadar o título zonal como primeiros do grupo Norte e Centro, respectivamente

REPORTAXE

## 900 atletas e 6 marcas na Copa Deputación

Os tempos acadados serán validados no ranking Galego e Nacional como mínimas para a participación noutros campionatos

1ª DIVISIÓN JÚNIOR FEMININA

## Ensino gaña tras dúas prórrogas



ENSINO 67 - 60 PELETEIRO

1ª DIVISIÓN CADETE FEMININA

## A competición máis igualada do basket galego

A Liga Galega cadete está ao roxo vivo. A falta de catro xornadas, a loita por estar entre os catro primeiros é encarnizada e Estudiantes e Ensino están inmersos nela



# Partidazo cunha vitoria épica

## TRAS DÚAS PRÓRROGAS o Durán Maquinaria rematou coa resistencia de Peleteiro



Carmen encarando a zona compostelá con decisión



Tania Mato gañando a liña de fondo ante unha rival

| ENSINO 67 | | PELETEIRO 60 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Marina | 10 | Fagín | |
| Natalia | 2 | Leza | |
| Carmen | 7 | Lasada | |
| Leboreiro | 19 | Fernández | |
| Maite | 12 | Martínez | |
| Natalia G. | 10 | Lamas | |
| Nuria | 7 | Salgueiro | |
| Tania | | Gil | |
| | | Regueiro | |
| | | Tabora | |
| | | González | |
| | | Iglésias | |

O Durán Maquinaria Ensino agárrase con uñas e dentes aos playoff da Liga Galega júnior feminina. O conxunto que dirixe Miguel López impúxose nun duelo directo a Peleteiro nun partidazo disputado no Anexo que se resolveu tras dúas prórrogas.

Con cabeza pero sobre todo con amor propio, o Ensino desnivelou a balanza ao seu favor pese a competir ante un rival con máis fondo de armario nun partido que se resolveu tras cincuenta minutos de xogo.

De inicio o Ensino tivo problemas. Perdeu balóns e non pechou do todo ben o rebote, polo que Peleteiro tomou o mando no marcador, 8-13 no primeiro cuarto malia que a circulación de pelota en ataque era boa.

No segundo parcial o Ensino empezouse a entonar, sobre todo en ambas pinturas e con boas porcentaxes no tiro chegouse ao descanso con 24-19 no marcador.

Peleteiro empezou a segunda parte on fire, anotando todo o que lanzaba, e volveu tomar as rendas cun parcial de 13-24, o que obrigou a un sobreesforzo local no cuarto parcial, no que o seu maior acerto no tiro libre propiciou a primeira prorroga. Nela mantívose a igualdade e na segunda con máis corazón que outra cousa, Ensino sacou forzas de flaqueza para impoñerse cun último parcial de 11-4.

> “Nuestro deseo de ganar y confianza en los minutos finales han sido clave para la victoria final”
> MIGUEL LÓPEZ Durán Maquinaria



Natalia presionando a saída de balón de Peleteiro



Carmen Leboreiro a piques de lanzar a canastra

# Obradoiro segue sentindo a presión

## ESTUDIANTES NON FALLA e deixa sen marxe de erro aos composteláns

| SEIS DO NADAL 64 | | ESTUDIANTES 108 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts |
| Lago | | Cabe | 20 |
| López | | Janusevicius | 28 |
| Álvarez | | Iago | 17 |
| Fernández | | Luis | 19 |
| Estévez | | Lucas | 12 |
| Iglésias | | Mark | 4 |
| Martín | | Diego | 4 |
| Portero | | Jorge | 2 |
| Regueiro | | Alberto | 2 |
| Rodríguez | | | |
| Pereira | | | |

> “Contento con el trabajo defensivo que tuvo el equipo a lo largo del encuentro”
> MARCOS LÓPEZ Estudiantes



Iago ante un xogador rival nun partido no Anexo

Estudiantes mantén o máximo nivel de esixencia, e con iso non cesa na presión que Obradoiro sinte en cada xornada á espera do duelo directo no que ambos equipos se verán as caras no Anexo.

O conxunto que dirixe Marcos López viaxou a Vigo para medirse con Seis do Nadal coas ideas claras. A primeira premisa era aplicarse en defensa ante un equipo con que conta con exteriores que cargan moi ben o rebote ofensivo. Estudiantes estivo sólido e firme á vez que roubou balóns con facilidade para saír á contra e anotar en rápidas transicións cun xogo fluído co que puxeron terra polo medio no marcador desde os primeiros minutos, 18-28 ao final do primeiro cuarto e 14-30 no segundo para chegar ao descanso con 32-58.

Na segunda parte Seis do Nadal intentou cortar a sangría suscitando unha defensa en zona ante a que Estudiantes tivo recursos para romper, metendo o balón baixo o aro e anotando con certa facilidade ata levar o marcador final ata o claro e contundente 64-108.

**Próxima xornada**

Estudiantes recibirá no Anexo a Tui, un rival inmerso na loita polos play off, igual que Silgatec, rival de Obradoiro en Santiago nunha nova xornada na que se poñerá a proba a hexemonía de ambos equipos.

# De menos a máis na casa do coloso

## ESTUDIANTES rematou coa cabeza alta o partido ante o intratable Celta

| CELTA 69 | | ESTUDIANTES 35 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Comesaña | | Ana | |
| Fontela | | Zeltia | |
| Yañoz | | Eva | |
| Otero | | María | |
| Prieto | | Adriana | |
| Fernández | | Alba | |
| Vázquez | | Sabela | |
| Gil | | Yashina | |
| Freire | | Candela | |
| Veira | | Alexia | |

Ata para Estudiantes, segundo clasificado e primeiro entre os equipos mortais da Liga Galega júnior feminina, visitar a pista do Celta de Vigo é como unha visita ao dentista que todos os equipos da competición vense obrigados a realizar.

As lucenses presentáronse en Vigo sen nada que perder e moito que gañar, pero o Celta impón e imprime un punto de dureza, intensidade e acerto que é moi complicado de igualar. A Estudiantes faltoulle iso, un pouco máis de dureza no seu xogo na primeira parte na que, cando se encadenaron fallos no tiro, minouse a moral e a confianza celeste, conscientes de que si o Celta vaise no marcador vaise definitivamente.

A primeira parte local foi espectacular, levando o marcador ao descanso ata un claro 43-16. Pero lonxe de baixar os brazos, e xa sen a presión do resultado, Estudiantes disputou unha gran segunda parte.

O Celta mantivo o seu bo nivel, pero o conxunto celeste deu un paso á fronte, igualou forzas e con balón estivo moito máis solto para chegar ata, por momentos, a recortar distancias.



María Corredoira desbordando a unha xogadora do Celta

> “Nos quedan muchas semanas por delante y esto nos tiene que servir para ver cosas en las que podemos seguir mejorando”
> FERNÁN VARELA Estudiantes

# O Ensino gastou o seu o último comodín

**ESFORZO TITÁNICO SEN LUCIDEZ** que comprime ao máximo a loita por entrar no corte entre os catro primeiros



A ensinista Nuria cara a pintura da pista do Anexo



Lucía lanza a canastra ante a oposición rival

| ENSINO 41 Xogadora | Pts. | MARISTAS C. 44 Xogadora | Pts. |
|---|---|---|---|
| Maite | 10 | Leis | |
| Silvia | | Couto | |
| Antia | | Vázquez | |
| Nuria | 9 | Deus | |
| Cristina | | Galán | |
| Lorena | | Riaño | |
| Natalia | 11 | Ruiz | |
| Any | 5 | Andrade | |
| Lucía | 6 | Alonso | |
| | | Catoira | |
| | | Nuñez | |

A Liga Galega cadete feminina, a falta de catro xornadas para terminar a primeira fase, atópase a lume vivo, xa que seis dos oito equipos xóganse todo nas últimas catro citas. Tan só Rosalía á fronte da táboa, ten os deberes feitos, pero con duelos directos importantes de cara á segunda fase. A loita por entrar entre os catro primeiros está moi aberta.

A boa liña das de Adrián González ao longo da tempada permitíalles ter marxe de erro, pero este esgotouse ante Maristas Coruña nun partido no que as lucenses acusaron a falta de frescura e a lucidez en ataque.

> "Tuvimos un mal día, pero estoy orgulloso del equipo. Nos volveremos a levantar" ADRIÁN GONZÁLEZ Cafés Candelas Ensino

Desde os primeiros minutos púidose comprobar que o partido sería duro e rocoso. Ao Ensino custáballe circular o balón e atopar opcións claras de tiro, pero a defensa estaba a un gran nivel e impuxéronse no primeiro parcial por un axustado 8-4.

No segundo cuarto a luz da reserva acendeuse demasiado pronto, con xogadoras cargadas de minutos tras un intenso partido co júnior pola mañá Maristas Coruña despegou no marcador cun segundo parcial de 6-19.

Con 14-23 ao descanso tocaba remar contracorrente. O Ensino non se borrou e loitou por cada balón ata a extenuación, pero sen acerto en ataque e penalizadas por cada erro defensivo, Maristas levouse a vitoria por un axustado 41-44.

**3**

**XOGADORAS** Dobraron esforzos, tras xogar co júnior pola mañá un encontro que rematou con dúas prórrogas. Maite, Nuria e Natalia acusaron o esforzo realizado no encontro da tarde



Silvia coa pelota nunha acción de ataque de Ensino



Maite lanzando a canastra ante unha defensa rival

## Estudiantes tamén está na pelexa

**VITORIA CLAVE** antes de afrontar un calendario duro e atractivo

| BBCA 49 Xogadora | Pts. | ESTUDIANTES 62 Xogadora | Pts. |
|---|---|---|---|
| Rodríguez | | Candela | 2 |
| Saa | | Yashina | 14 |
| Arteaga | | Enma | 13 |
| Pousa | | Carla G. | |
| Hornales | | Claudia | 12 |
| Rivas | | Cristina | 2 |
| López | | Alejandra | |
| Pérez | | Laura | 8 |
| Vázquez | | Carla A. | 9 |
| Porto | | Marta R. | 2 |
| Soto | | | |
| Freire | | | |



Enma, Claudia, Yashina e Carla Abello no Anexo

Estudiantes gáñase o dereito a seguir na pelexa por entrar nunha das catro primeiras prazas deste emocionante Grupo Norte da Liga Galega cadete ao que lle quedan catro xornadas e aínda ten practicamente todo por decidir.

Conscientes da importancia da cita as lucenses encararon o encontro coa intensidade adecuada. Nos primeiros minutos asentándose no partido e en defensa para ir crecendo aos poucos.

O primeiro parcial terminou con 19-17 e no segundo os ataques impuxéronse ás defensas, 6-9 para chegar Estudiantes con vantaxe ao descanso, 25-26.

> "Victoria muy importante con un gran trabajo y con todas las jugadoras aportando" SISE PEINÓ Estudiantes Lugo

Ao comezo da segunda parte as lucenses varreron ao seu rival da pista, chegando a ter ata vantaxes que roldaron os 20 puntos. Tras un parcial contundente de 9-26, como era de esperar na recta final, BBCA quixo reaccionar, pero en fronte tivo a un Estudiantes sólido que xestionou ben a renda para saír coa vitoria e todas as espadas no alto de cara ás próximas xornadas.

**3**

**PRÓXIMAS XORNADAS** Estudiantes recibirá a próxima fin de semana ao líder Rosalía no Anexo, despois mídese co Ensino no derbi antes de recibir a Cortegada, ou o que é o mesmo, xogará ante o primeiro, segundo e terceiro clasificados de forma consecutiva nas tres próximas xornadas na Liga Galega cadete feminina

## Cando se aplicaron, sentenciaron

**ESTUDIANTES** rematou a Narón con picos illados de bo xogo

| NARÓN 66 Xogador | Pts. | ESTUDIANTES 88 Xogador | Pts. |
|---|---|---|---|
| Fuente | | Sergio | 10 |
| Santiago | | Eloy | 17 |
| Freire | | Anxo | 6 |
| Fernández | | Álvaro | 10 |
| Bermúdez | | Olloqui | 17 |
| Carro | | Dani | 9 |
| Ferreira | | Antón | 4 |
| Carballeira | | Pedro | 10 |
| García | | Lucas | 5 |
| Couce | | Durán | |
| Fernández | | | |

> "Debemos ser más constantes en el juego y más duros en defensa" JAVI PEINÓ Estudiantes Lugo

A Estudiantes chegoulle e sobroulle neste encontro con picos de bo baloncesto para poñer fin á resistencia de Narón.

Unha gran posta en escena foi xa practicamente determinante cun parcial inicial de 8-27 nos primeiros minutos cos que puxeron rumbo fixo cara a unha nova vitoria. A partir de aí os lucenses baixaron o ritmo e foron máis vulnerables, polo que Narón competiu mellor e recortou distancias ata pechar o primeiro parcial con 15-27.

O baixón de Estudiantes continuou ao comezo do segundo cuarto, chegando Narón a poñerse a tan só cinco puntos no marcador, o que supuxo un toque de atención para un equipo que volveu aplicarse en defensa e atacou con criterio para volver a despegar no electrónico ata chegar ao descanso con 33-48.

Na segunda parte Estudiantes permitiu que Narón fixese a goma ao longo dos vinte minutos nos que cada vez que os lucenses aplicábanse, as diferenzas ampliábanse e cando se deixaban levar, Narón aproveitábao para reducir distancias e maquillar un pouco o resultado final.

**Próxima xornada**

Estudiantes recibirá a Carballo no Anexo, último clasificado que suma por derrotas todos os seus encontros e ante o que o obxectivo será manter unha liña regular ao longo do partido.



Javi Peinó dándolle instruccións a Pedro nun partido

# A falta de acerto no tiro volveu ser o lastre

**PELETEIRO** gañou cunha canastra sobre a bucina que non debeu subir ao marcador

| 40 BURELA | Pts. | 42 PELETEIRO |
|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador |
| Álvaro Ben | 4 | López |
| Marcos | 13 | Zas |
| Joaquín | | Barral |
| Antón | 10 | Espiña |
| Daniel | | Montero |
| Luis | 4 | Fernández |
| Carlos | 2 | Riqueiro |
| Diego | 7 | Valiño |
| | | Espiña |
| | | Díaz |

> "El pésimo acierto que tuvimos a lo largo del encuentro en el tiro decantó el partido en nuestra contra"
> MANOLO COBAS Academia A Mariña

O Academia A Mariña Burela quedouse ás portas da vitoria nun encontro marcado polas baixas porcentaxes no tiro e pola polémica na última acción que desnivelou o marcador final, xa que un xogador de Peleteiro anotou a canastra que rompeu o empate a 40 nos últimos segundos cunha acción antirregulamentaria ao cometer pasos que os árbitros non apreciaron.

Ata entón a falta de acerto no tiro local propiciou que os composteláns se pechasen sobre o seu aro, evitando as penetracións e deixando que os mariñaos tirasen desde o perímetro. Burela fixo unha vez máis un desgaste tremendo, sen nada que obxectar en canto a esforzo, incluso pechando ben o rebote defensivo e facendo dano ao cargar o ofensivo con determinación.

Ao final, con máxima igualdade no marcador, Peleteiro levouse o premio da vitoria cunha acción polémica que non empaña, unha vez máis, o gran esforzo realizado polos mariñaos ao longo dos corenta minutos de xogo.

**1**

**NOVA LESIÓN, A DE CARLOS,** que nesta tempada está sendo o segundo máximo anotador e o segundo en rebotes. Non puido disputar ningún minuto na segunda parte do encontro

# Máis que unha vitoria

**ESTUDIANTES DEU UN GOLPE RIBA DA MESA** ao impoñerse a un rival directo como La Junquera e puxo pé e medio no Galego infantil feminino

| 62 ESTUDIANTES | Pts. | 57 LA JUNQUERA | Pts. |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Candela | | Vidal | |
| María | | Domínguez | |
| Iría | | Salgueiro | |
| Nerea | | Quintáns | |
| Naiara | | Freire | |
| Lucía | | Suárez | |
| Laura Mesa | | Noya | |
| Carolina | | Pombo | |
| Sara | | Rodríguez | |
| Marta | | Cascón | |
| Celia | | Portas | |
| Laura Martín | | | |


Iria Menor busca a canastra ante unha rival


Alejandra garda a pelota ante a presión rival

Estudiantes alzou a voz na Liga Galega infantil feminina. As de Julia Pena espantaron as pantasmas cunha vitoria das que marcan e cambian os rumbos das tempadas.

Coa última derrota na casa ante Peleterio aínda presente, as lucenses impuxéronse a domicilio a xornada pasada en Santiago cun partido máis efectivo que vistoso pero no que recuperaron, as súas mellores sensacións por momentos, cando era máis necesario. A vitoria no Anexo ante La Junquera vale o seu peso en ouro a falta de catro xornadas para que termine a primeira fase.

En xogo estaba a terceira praza e Estudiantes quedouse con ela nun partido no que tiveron que enderezar o rumbo tras facer augas a defensa presionante dos primeiros minutos. As visitantes sairon con facilidade da primeira liña de presión e foron superiores nos un para un, polo que tomaron o mando no marcador cun primeiro parcial de 12-19.

> "Esta victoria para nosotros es doble"
> JULIA PENA Estudiantes

Julia Pena atrasou a presión a campo propio e Estudiantes sentiuse máis seguro, chegando a controlar o partido desde a defensa para ir gañando sensacións en ataque ata darlle a volta ao marcador cun segundo parcial de 16-8 que deixaba o electrónico en 28-27 ao descanso.

Na segunda parte a defensa celeste continuou a un bo nivel, mentres que en ataque, por momentos, o equipo recuperou a súa mellor versión anotando en rápidas transicións e con paciencia en estático ata atopar a mellor opción de tiro. Tan só algunha precipitación pola ansiedade de gañar o partido demasiado pronto propiciou que a diferenza nos minutos finais fose tan só de nove puntos, chegando a recortala as visitantes ata os cinco finais, 62-57, pero sen chegar a poñer en risco a merecida vitoria de Estudiantes neste encontro.

As lucenses aséntanse no podio da clasificación con sete vitorias, unha máis e o basket average a favor con La Junquera, e catro de diferenza con Rosalía, Maristas Coruña e Culle, a falta de catro xornadas para que termine a primeira fase, polo que Estudiantes xa ten pé e medio na loita polo título Galego.


Joel en plena transición ofensiva ante dous adversarios


Óscar gañando a liña de fondo ante un defensa compostelán

# Derrota no tempo extra dun Estudiantes que se mete en líos

| 63 ESTUDIANTES | Pts. | 66 ROSALÍA | Pts. |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Miguel | | Rodríguez | |
| Cristian | | Valdés | |
| Ales | | López | |
| Manu | | Cerdeira | |
| Joel | | De Valenzuela | |
| Ruano | | Vázquez | |
| Óscar | | Fontenla | |
| Brais | | Moure | |
| Diego | | Fernández | |
| | | Paz | |
| | | Harguindey | |

Estudiantes fallou no seu asalto ao liderado da Liga Galega infantil masculina. O conxunto celeste recibiu o domingo pola tarde no Anexo a Rosalía nun duelo entre dous dos tres primeiros clasificados que deixa aos composteláns á fronte da clasificación, con Culle segundo e Estudiantes terceiro.

Unha vitoria celeste daríalles opción de loitar polo título zonal, pero agora os lucenses viaxarán na próxima xornada con presión a Coruña para medirse con Maristas nun duelo directo polo podio da Liga do que, de saír mal parados, poderían caer a postos de fóra do corte dos catro primeiros clasificados.

No partido de ida os lucenses gañaran por dous puntos, 78-80, polo que tamén cederon o basket average por un punto.

Estudiantes recibiu a Rosalía co coitelo entre os dentes pero os celestes pecaron talvez de exceso de motivación nos primeiros minutos. Rosalía xogou con máis calma, dominou sobre todo o rebote ofensivo e tivo acerto desde a liña de tres puntos para tomar as rendas no marcador con vantaxes que chegaron a roldar os vinte puntos na primeira parte.

No descanso cambiou o guión. Estudiantes tomoulle o pulso ao partido e Rosalía baixou as porcentaxes de acerto, o que provocou que, aos poucos, as distancias se reducisen ata chegar a darlle a volta ao marcador ao longo dunha segunda parte que terminou con empate no electrónico. No tempo extra, Rosalía foi mellor e levouse a vitoria e o liderado en solitario do Anexo.

# Maristas, a unha vitoria do obxectivo

**OS COLEXIAIS** acarician a segunda fase e chegan ao derbi da próxima xornada líderes, pero coa incógnita de Julián

| MARISTAS 78 | Pts. | BBCA 64 | Pts. |
|---|---|---|---|
| Mauro | 2 | Pena | |
| Néstor | 22 | Pulpeiro | |
| Samuel N. | 2 | Gato | |
| David | 2 | Filgueira | |
| Samuel V. | 30 | Oroza | |
| Gabriel R. | 6 | Rodríguez | |
| Alexis | 7 | Vázquez | |
| Jorge | | | |



Néstor subindo o balón nun partido disputado no Anexo

Maristas cumpriu coa lóxica nun partido que mediu no Anexo ao primeiro clasificado co último, BBCA, nun duelo marcado polas ausencias ao longo da semana e pola baixa de Julián, lesionado nun tobillo e que é seria dúbida para poder xogar a próxima fin de semana no derbi capitalino ante Estudiantes, no que unha vitoria dos de Rubén Engroba daríalle aos colexiais o pase matemático á segunda fase da Liga Galega preinfantil e máis de medio título zonal.

As malas sensacións ao longo da semana confirmáronse nos primeiros minutos, nos que Maristas careceu de ritmo en ataque e con malas pernas en defensa. Con todo, a calidade individual e o acerto no tiro de tres propiciaron que tomasen o mando no marcador e evitasen que BBCA crese na fazaña no Anexo.

O 20-12 co que finalizou o primeiro cuarto dáballe a Maristas unha certa marxe que soubo administrar ata o descanso, xa que no segundo parcial viviu en ataque da inspiración de Samuel Viño, mentres que os visitantes aproveitaban as facilidades defensivas para anotar con fluidez, 19-17 para chegar ao descanso con 39-29 no electrónico.

> "Partido reflejo de la semana que hicimos, con muchas ausencias en los entrenamientos" RUBÉN ENGROBA Maristas Lugo

BBCA, que competiu tamén baixo mínimos con tan só sete xogadores dispoñibles, exprimiu as súas opcións de conseguir a súa primeira vitoria da tempada na pista do líder da Liga no terceiro cuarto, tras endosarlle 20 puntos a Maristas e recortar distancias para chegar aos últimos dez minutos 9 abaixo e con opcións de triunfo.

Néstor púxose ao mando das operacións na recta final, culminando unha serie de transicións rápidas coas que puxo fin á resistencia de BBCA cun parcial final de 20-15.

O derbi ante Estudiantes no que Maristas pode dar un golpe definitivo nesta competición será o vindeiro domingo a partir das 10:00 horas no Anexo.



O xogador celeste Antón nunha acción de contraataque

# A defensa guiou ao Estudiantes

**OS CELESTES CHEGAN AO DERBI** dende o terceiro posto da Liga Galega preinfantil

| ESTUDIANTES 69 | Pts. | B. FERROL 49 | Pts. |
|---|---|---|---|
| Brais | 19 | Taboada | |
| Dani | 12 | Blanco | |
| Leo | 4 | .Lameiro | |
| Bernal | | Cunha | |
| Rozas | 12 | Otero | |
| Serguei | 18 | Lage | |
| Antón | | Menéndez | |
| Mario | | Vázquez | |
| Isma | | Romero | |
| Mateo | | | |
| Pi | | | |
| Santi | 4 | | |

> "Buen partido después de una semana de entrenamientos difícil" NICO FDEZ. Estudiantes

Estudiantes practicamente descartou a Basket Ferrol da loita por entrar no corte dos catro primeiros clasificados. Un obxectivo que a falta de tan só tres xornadas segue a lume vivo, con cinco equipos disputándose os catro primeiros postos. Un deles, Estudiantes, que pese a non ter unha semana de adestramentos como desexase Nico Fernández, asinou un partido moi completo para chegar ao derbi da próxima xornada con todas as espadas no alto.

Coa concentración por bandeira desde os primeiros minutos Estudiantes tomou o mando do partido ante un moi bo rival, que vendeu cara a derrota ao longo dos corenta minutos no Anexo.

Basket Ferrol, consciente de que por este partido pasaban as súas últimas opcións de clasificarse, endureceu a defensa e mantívose no partido de cara á segunda parte co 37-28 ao descanso. Con todo, na segunda parte a intensidade defensiva de Estudiantes secou por completo ao seu rival e con cadanseu parcial a favor de 15-8 e 17-13 sentenciou o encontro.

Os celestes mediránse na próxima xornada a un Maristas que chega líder da clasificación.

# Un plan trazado e executado

**ESTUDIANTES** plasmou na pista o ensaiado pola semana

| ESTUDIANTES 72 | Pts. | CAMBADOS 22 | Pts. |
|---|---|---|---|
| Laura | | Fernández | |
| María A. | | Romero | |
| Ana | | Cordal | |
| María C. | | Díaz | |
| Aroa | | Parada | |
| Daniela | | Costa | |
| Paula | | Rey C. | |
| Alma | | Durán | |
| Sara P. | | Rey A. | |
| Sara G. | | Oubiña | |
| Daniela | | Costa | |

> "Nos vamos contentas de este partido al ver reflejado en pista el trabajo de la semana, esperamos poder seguir en esta línea. Buen trabajo chicas" GEMMA SOUTO Estudiantes

Estudiantes segue afinando a súa posta a punto de cara á fase decisiva da tempada. As de Gemma Souto conseguen semana tras semana plasmar nos partidos os avances e o traballo realizado ao longo da semana nos adestramentos, de aí a que apenas concedan opcións a rivais como Cambados, que se viu superado no Anexo do primeiro ao último minuto.

A posta en escena volveu ser letal, nesta ocasión cun parcial inicial de 28-2 que deixaba o encontro visto para sentenza. No segundo chegou a coñecida e ata certo punto lóxica relaxación coa que Estudiantes volveu comprobar que se non está ao seu máximo nivel é máis vulnerable, 13-9 para chegar ao descanso con 41-15.



Alma a piques de lanzar a canastra



A celeste Paula López en ataque

Xa na segunda parte de novo as lucenses aplicáronse en defensa e atacaron con fluidez para despegar no marcador e pechalo no último cuarto.

Na próxima xornada Estudiantes viaxará a Porto do Son en busca da súa décima vitoria para seguir meténdolle presión a BBCA antes de verse as caras no Anexo, onde se disputará o encontro da segunda volta entre os dous primeiros clasificados da Liga Galega preinfantil.

Líder

# CLASIFICACIÓNS » Primeira e Segunda División

## JÚNIOR 1ª DIV. MASCULINA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| PBB A – C. Ourense | 67-76 |
| Seis Nadal – Estudiantes | 64-108 |
| Sigaltec – B. Ferrol | 63-60 |
| Bosco – B. Coruña | 67-51 |
| Tui – Obradoiro | 66-75 |
| Blanco Amor – Rosalía | 63-71 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRADOIRO | 13 | 13 | 0 | 0 | 1044 | 694 |
| ESTUDIANTES | 13 | 12 | 1 | 0 | 1232 | 813 |
| BASKET FERROL | 13 | 8 | 5 | 0 | 927 | 831 |
| ROSALÍA | 13 | 8 | 5 | 0 | 977 | 928 |
| SIGALTEC | 13 | 7 | 6 | 0 | 812 | 868 |
| TUI SETA | 13 | 7 | 6 | 0 | 906 | 941 |
| CLUB OURENSE | 13 | 6 | 7 | 0 | 832 | 859 |
| PBB A | 13 | 6 | 7 | 0 | 742 | 862 |
| BOSCO | 13 | 4 | 9 | 0 | 819 | 812 |
| SEIS DO NADAL | 13 | 3 | 10 | 0 | 750 | 982 |
| BLANCO AMOR | 13 | 2 | 11 | 0 | 799 | 1014 |
| BASQUET CORUÑA | 13 | 2 | 11 | 0 | 762 | 998 |

### PRÓXIMA XORNADA

Obradoiro - Sigaltec · Estudiantes - Tui
Rosalía - Seis Nadal · B. Ferrol - PBB A
C. Ourense - B. Coruña · Blanco Amor - Bosco

## INFANTIL 1ª DIV. MASC. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Maristas – B. Coruña | 21-71 |
| Culleredo – B. Ferrol | 77-27 |
| Burela – Peleteiro | 40-42 |
| Estudiantes – Rosalía | 63-66 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| INSTITUTO ROSALÍA | 10 | 9 | 1 | 0 | 730 | 521 |
| KFC CULLE | 10 | 8 | 2 | 0 | 711 | 507 |
| ESTUDIANTES | 10 | 7 | 3 | 0 | 746 | 576 |
| BASQUET CORUÑA I | 10 | 6 | 4 | 0 | 681 | 520 |
| PELETEIRO | 10 | 6 | 4 | 0 | 642 | 557 |
| BURELA 05 MASC. | 10 | 3 | 7 | 0 | 597 | 581 |
| BASKET FERROL | 10 | 1 | 9 | 0 | 350 | 710 |
| MARISTAS | 10 | 0 | 10 | 0 | 229 | 714 |

### PRÓXIMA XORNADA

B. Ferrol - Burela · Rosalía - Culleredo
B. Coruña - Estudiantes · Peleteiro - Maristas

## MINI 1ª DIV. MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Estudiantes – Narón | 48-86 |
| Ribadeo – Maristas Lugo | 57-65 |
| B. Ferrol – MGR Sarria | 90-40 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BASKET FERROL | 9 | 9 | 0 | 0 | 658 | 315 |
| NARÓN | 8 | 7 | 1 | 0 | 666 | 478 |
| ESTUDIANTES | 9 | 6 | 3 | 0 | 625 | 537 |
| MGR CB SARRIA | 9 | 3 | 6 | 0 | 590 | 713 |
| BBCA PONZOS | 8 | 3 | 5 | 0 | 501 | 469 |
| MARISTAS LUGO | 9 | 2 | 7 | 0 | 416 | 710 |
| C. B. RIA RIBADEO | 8 | 0 | 8 | 0 | 346 | 580 |

### PRÓXIMA XORNADA

Narón - B. Ferrol · MGR Sarria - Ribadeo
Maristas - BBCA

## INFANTIL 2ª DIV. MASC.

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Celtas – CB Sarria | 78-31 |
| CB Viveiro – Est. 06 | 63-12 |
| Cidade – Sagrado | 61-65 |
| Franciscanos – C. Ensino | 14-65 |
| MGR Sarria – Est. 05 | 61-29 |
| Burela – Ribadeo | 41-52 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| SAGRADO | 11 | 11 | 0 | 0 | 818 | 496 |
| CANDELAS ENSINO | 11 | 10 | 1 | 0 | 734 | 375 |
| CELTAS | 11 | 9 | 2 | 0 | 774 | 524 |
| CB RIA RIBADEO | 11 | 8 | 3 | 0 | 694 | 531 |
| CIDADE DE LUGO | 11 | 7 | 4 | 0 | 593 | 554 |
| MGR C. B. SARRIA | 11 | 5 | 6 | 0 | 620 | 544 |
| ESTUDIANTES 05 | 11 | 4 | 7 | 0 | 500 | 707 |
| BURELA 06 | 11 | 4 | 7 | 0 | 536 | 687 |
| VIVEIRO | 11 | 3 | 8 | 0 | 564 | 655 |
| FRANCISCANOS | 11 | 3 | 8 | 0 | 473 | 638 |
| AG ELEV. SARRIA | 11 | 1 | 10 | 0 | 415 | 698 |
| ESTUDIANTES 06 | 11 | 1 | 10 | 0 | 398 | 710 |

### PRÓXIMA XORNADA

Cidade - Est. 06 · CB Viveiro - Burela 06
C. Ensino - Ribadeo · Est. 05 - AG Elev Sarria
MGR Sarria - Sagrado · Franciscanos - Celtas

## JÚNIOR 1ª DIV. FEMININA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| C. María – Maristas Lugo | 58-52 |
| PBB A –Bosco | 53-63 |
| Cortegada – E. Pontevedra | 70-37 |
| Durán Ensino – Peleteiro | 67-60 |
| Celta – Estudiantes | 69-35 |
| Arxil – Rosalía | 38-56 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| RC CELTA ZORKA | 13 | 13 | 0 | 0 | 1061 | 480 |
| ESTUDIANTES | 12 | 10 | 2 | 0 | 848 | 563 |
| PELETEIRO | 13 | 9 | 4 | 0 | 766 | 637 |
| CORTEGADA | 13 | 8 | 5 | 0 | 753 | 724 |
| ROSALIA PIO XII | 13 | 8 | 5 | 0 | 847 | 766 |
| DURAN ENSINO | 12 | 8 | 4 | 0 | 756 | 626 |
| BOSCO | 13 | 7 | 6 | 0 | 637 | 747 |
| COMPAÑIA MARIA | 13 | 4 | 9 | 0 | 709 | 827 |
| MARISTAS | 12 | 4 | 8 | 0 | 678 | 843 |
| ARXIL A | 12 | 4 | 8 | 0 | 485 | 734 |
| PBB A | 13 | 1 | 12 | 0 | 614 | 880 |
| EST PONTEVEDRA | 13 | 0 | 13 | 0 | 538 | 865 |

### PRÓXIMA XORNADA

Rosalía - Cortegada · E. Pontevedra - PBB A
Durán Ensino - C. María · Peleteiro - RC Celta
Estudiantes - Arxil · Bosco - Maristas

## CADETE 1ª DIV. FEM. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Rosalía – Cortegada | 86-52 |
| BBCA – Estudiantes | 49-62 |
| Candelas – Maristas | 41-44 |
| Peleteiro – B. Coruña | 63-47 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ROSALIA PIO XII | 10 | 9 | 1 | 0 | 679 | 499 |
| CANDELAS ENSINO | 10 | 6 | 4 | 0 | 566 | 540 |
| CORTEGADA | 10 | 5 | 5 | 0 | 616 | 665 |
| PELETEIRO | 10 | 5 | 5 | 0 | 537 | 504 |
| BBCA VILAR | 10 | 5 | 5 | 0 | 559 | 589 |
| ESTUDIANTES | 10 | 5 | 5 | 0 | 584 | 601 |
| MARISTAS CORUÑA | 10 | 4 | 6 | 0 | 500 | 585 |
| BASQUET CORUÑA | 10 | 1 | 9 | 0 | 553 | 611 |

### PRÓXIMA XORNADA

B. Coruña - BBCA · Estudiantes - Rosalía
C. Ensino - Cortegada · Maristas - Peleteiro

## INFANTIL 1ª DIV. FEM. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Rosalía – Peleteiro | 36-64 |
| Giraldo – Culleredo | 69-45 |
| Estudiantes – Cortegada | 62-57 |
| Maristas – BBCA | 78-46 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PELETEIRO | 10 | 10 | 0 | 0 | 687 | 293 |
| GIRALDO CBV | 10 | 8 | 2 | 0 | 681 | 521 |
| ESTUDIANTES | 10 | 7 | 3 | 0 | 662 | 501 |
| CORTEGADA | 10 | 6 | 4 | 0 | 612 | 521 |
| ROSALIA PIO XII | 10 | 3 | 7 | 0 | 533 | 609 |
| MARISTAS CORUÑA | 10 | 3 | 7 | 0 | 489 | 661 |
| KFC CULLE | 10 | 3 | 7 | 0 | 432 | 664 |
| BBCA PORTO | 10 | 0 | 10 | 0 | 341 | 667 |

### PRÓXIMA XORNADA

Peleteiro - Giraldo · Cortegada - Rosalía
BBCA - Estudiantes · Culleredo - Maristas

## PREINFANTIL FEM. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Cortegada – Culleredo | 68-17 |
| B. Coruña – Maristas | 42-45 |
| Estudiantes – Cambados | 72-22 |
| BBCA – Porto do Son | 63-43 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BBCA CHAMORRO | 10 | 10 | 0 | 0 | 671 | 317 |
| ESTUDIANTES | 10 | 9 | 1 | 0 | 676 | 294 |
| CORTEGADA | 10 | 8 | 2 | 0 | 624 | 375 |
| PORTO DO SON | 9 | 4 | 5 | 0 | 455 | 397 |
| BASQUET CORUÑA | 10 | 3 | 7 | 0 | 395 | 577 |
| CAMBADOS | 10 | 2 | 8 | 0 | 291 | 635 |
| MARISTAS | 9 | 3 | 6 | 0 | 413 | 520 |
| KFC CULLE | 10 | 0 | 10 | 0 | 212 | 622 |

### PRÓXIMA XORNADA

Cortegada - Culleredo · Estudiantes - Cambados
B. Coruña - Maristas · BBCA - Porto do Son

## MINI 1ª DIV. FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Estudiantes – Pontumio | 88-48 |
| BBCA – Baxi Ferrol | 95-46 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ESTUDIANTES | 8 | 8 | 0 | 0 | 595 | 313 |
| BBCA DONIÑOS | 8 | 6 | 2 | 0 | 613 | 364 |
| BAXI FERROL | 8 | 4 | 4 | 0 | 436 | 490 |
| MONTROVE | 8 | 1 | 7 | 0 | 318 | 516 |
| PONTUMIO | 8 | 1 | 7 | 0 | 354 | 633 |

### FINALIZADA A 1ª FASE

## JUNIOR 2ª DIV. FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Culleredo – Ribadeo | 66-47 |
| Ensino Lugo – San Ciprián | 95-33 |
| Terra Chá – BBCA | 15-84 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C. B. RIA RIBADEO | 8 | 7 | 1 | 0 | 503 | 340 |
| BBCA FRAGATA | 8 | 6 | 2 | 0 | 540 | 276 |
| KFC CULLE | 8 | 6 | 2 | 0 | 568 | 324 |
| ENSINO LUGO | 8 | 3 | 5 | 0 | 408 | 401 |
| CB TERRA CHA | 8 | 1 | 7 | 0 | 183 | 544 |
| SAN CIPRIÁN | 8 | 1 | 7 | 0 | 235 | 552 |

### PRÓXIMA XORNADA

BBCA - Ensino Lugo · Terra Chá - Ribadeo
San Ciprián - Culleredo

## CADETE 2ª DIV. FEM. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Terra Cha – Ribadeo | 19-60 |
| CB Viveiro – T. Mariña | 46-45 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C.B. RIA DE RIBADEO | 7 | 7 | 0 | 0 | 495 | 185 |
| CB TERRA CHA | 7 | 5 | 2 | 0 | 286 | 320 |
| C. B. VIVEIRO | 8 | 3 | 5 | 0 | 391 | 458 |
| TERRAS DA MARIÑA | 7 | 3 | 4 | 0 | 347 | 319 |
| C. B. CELTAS | 7 | 0 | 7 | 0 | 250 | 487 |

### ÚLTIMA XORNADA

T. Mariña - Terra Chá · Ribadeo - Celtas

## CADETE 2ª DIV. FEM. CENTRO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| CB Sarria – Ensino 03 | 41-30 |
| Est. Azul – Ensino 04 | 60-36 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ENSINO LUGO 03 | 8 | 5 | 3 | 0 | 437 | 339 |
| ESTUDIANTES ROJO | 7 | 6 | 1 | 0 | 435 | 312 |
| ESTUDIANTES AZUL | 7 | 4 | 3 | 0 | 363 | 314 |
| C. B. SARRIA | 7 | 3 | 4 | 0 | 320 | 339 |
| ENSINO LUGO 04 | 7 | 0 | 7 | 0 | 244 | 495 |

### PRÓXIMA XORNADA

Est. Rojo - Est. Azul · Ensino 04 - CB Sarria

## JUNIOR 2ª DIV. MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Burela – Estudiantes | 64-75 |
| H. Ferreiro – Ribadeo | 54-40 |
| CB Viveiro – Cidade Lugo | 60-51 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| HIERROS FERREIRO | 8 | 6 | 2 | 0 | 522 | 476 |
| C. B. RIA DE RIBADEO | 8 | 6 | 2 | 0 | 454 | 385 |
| ESTUDIANTES | 8 | 6 | 2 | 0 | 520 | 450 |
| C. B. VIVEIRO | 8 | 4 | 4 | 0 | 396 | 427 |
| BURELA | 8 | 2 | 6 | 0 | 456 | 487 |
| CIDADE DE LUGO | 8 | 0 | 8 | 0 | 385 | 508 |

### PRÓXIMA XORNADA

Cidade - H. Ferreiro · Ribadeo - Burela
CB Viveiro - Estudiantes

## PREMINI 2ª MASC. G1

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Maristas – Galén Naranja | 56-6 |
| CB Viveiro – Franciscanos | 41-31 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ESTUDIANTES AZUL | 6 | 6 | 0 | 0 | 389 | 90 |
| MARISTAS LUGO | 6 | 5 | 1 | 0 | 334 | 158 |
| C. B. VIVEIRO | 6 | 2 | 4 | 0 | 152 | 271 |
| FRANCISCANOS | 6 | 1 | 5 | 0 | 130 | 296 |
| GALEN NARANJA | 6 | 1 | 5 | 0 | 112 | 302 |

### PRÓXIMA XORNADA

Maristas - Est. Azul · Galén Naranja - CB Viveiro

## PREMINI 2ª MASC. G2

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Est. Rojo – CB Sarria | 40-57 |
| Est. Blanco – Cidade | 33-59 |
| Burela – Galén Ensino | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C. B. SARRIA | 8 | 7 | 1 | 0 | 439 | 223 |
| ESTUDIANTES ROJO | 8 | 6 | 2 | 0 | 431 | 321 |
| CIDADE DE LUGO | 8 | 4 | 4 | 0 | 405 | 394 |
| BENJ MASC BURELA | 7 | 4 | 3 | 0 | 363 | 304 |
| EST. BLANCO | 8 | 1 | 7 | 0 | 184 | 399 |
| GALEN ENSINO | 7 | 1 | 6 | 0 | 172 | 353 |

### PRÓXIMA XORNADA

Est. Blanco - Galén Ensino · CB Sarria - Burela
Cidade - Est. Rojo

## INFANTIL 2ª DIV. FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Franciscanos – Cidade | 44-42 |
| Ensino – CB Viveiro | 63-13 |
| Burela – Sarria | 64-13 |
| Galén Ensino – Estudiantes | 16-56 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ENSINO LUGO | 8 | 8 | 0 | 0 | 493 | 163 |
| BURELA 05 FEM | 8 | 7 | 1 | 0 | 428 | 213 |
| STOS. SARRIA | 8 | 5 | 3 | 0 | 369 | 328 |
| ESTUDIANTES | 8 | 5 | 3 | 0 | 434 | 328 |
| FRANCISCANOS | 8 | 5 | 3 | 0 | 308 | 338 |
| CIDADE DE LUGO | 8 | 2 | 6 | 0 | 249 | 363 |
| GALEN ENSINO | 8 | 2 | 6 | 0 | 206 | 355 |
| TERRAS DA MARIÑA | 8 | 1 | 7 | 0 | 250 | 431 |
| CB VIVEIRO | 8 | 1 | 7 | 0 | 199 | 417 |

### PRÓXIMA XORNADA

Franciscanos - Estudiantes · Burela 05 - Cidade
CB Viveiro - T. Mariña · Galén E. - Ensino Lugo

## MINIBASKET 2ª FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| CB Sarria – Galén Ensino | 62-11 |
| Fingoi – CB Viveiro | 35-63 |
| Franciscanos – Cidade Lugo | 50-32 |
| CB Burela – Est. Celeste | 59-9 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C.B.BURELA | 7 | 7 | 0 | 0 | 432 | 183 |
| C. B. SARRIA | 7 | 6 | 1 | 0 | 409 | 175 |
| FRANCISCANOS | 7 | 5 | 2 | 0 | 420 | 280 |
| CIDADE DE LUGO | 7 | 4 | 3 | 0 | 349 | 226 |
| C B VIVEIRO | 7 | 3 | 4 | 0 | 287 | 418 |
| GALEN ENSINO | 7 | 2 | 5 | 0 | 200 | 349 |
| EST. CELESTE | 7 | 1 | 6 | 0 | 218 | 394 |
| FINGOI | 7 | 0 | 7 | 0 | 104 | 394 |

### PRÓXIMA XORNADA

Fingoi - Est. Celeste · CB Viveiro - Cidade
G. Ensino - Franciscanos · CB Burela - CB Sarria

## PREMINIBASKET 2ª FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Est. Celeste – Galén Ensino | 66-15 |
| Burela – CB Sarria | 1-52 |
| Fingoi – CB Viveiro | 32-19 |
| MGR Sarria – M. Auxiliadora | --- |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C. B. SARRIA | 7 | 7 | 0 | 0 | 352 | 136 |
| FRANCISCANOS | 7 | 5 | 2 | 0 | 300 | 165 |
| MARIA AUXILIADORA | 6 | 5 | 1 | 0 | 324 | 120 |
| EST. CELESTE | 7 | 4 | 3 | 0 | 295 | 226 |
| GALEN ENSINO | 8 | 3 | 5 | 0 | 231 | 346 |
| FINGOI | 6 | 3 | 3 | 0 | 210 | 189 |
| AFAN BURELA | 6 | 2 | 4 | 0 | 135 | 282 |
| MGR C. B. SARRIA | 6 | 1 | 5 | 0 | 105 | 291 |
| CB VIVEIRO | 7 | 0 | 7 | 0 | 134 | 331 |

### PRÓXIMA XORNADA

Franciscanos - MGR Sarria · CB Viveiro - CB Sarria
M. Auxiliadora - Fingoi · Burela - Est. Celeste

## CADETE 2ª MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ensino – Ribadeo | 59-54 |
| MGR Sarria – Est. Azul | 54-60 |
| CB Viveiro – San Ciprián | 31-66 |
| Sagrado – Est. Rojo | 61-54 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ESTUDIANTES AZUL | 9 | 9 | 0 | 0 | 620 | 452 |
| SAN CIPRIAN | 9 | 8 | 1 | 0 | 611 | 391 |
| ENSINO LUGO | 9 | 6 | 3 | 0 | 519 | 362 |
| C.B. RIA DE RIBADEO | 9 | 5 | 4 | 0 | 636 | 487 |
| C. B. VIVEIRO | 9 | 4 | 5 | 0 | 502 | 502 |
| ESTUDIANTES ROJO | 9 | 3 | 6 | 0 | 499 | 546 |
| MGR C. B. SARRIA | 9 | 3 | 6 | 0 | 481 | 488 |
